

L'Alternativa 2006

Do 10 ao 18 deste mes tivo lugar a 13ª edición do Festival de Cinema Independent de Barcelona, é dicir, L'Alternativa 2006. O certame tenta ofrecer unha panorámica de discursos “alternativos” ao cinema dominante, en toda caste de formatos. Ou o que é o mesmo, catro seccións oficiais polo prezo dunha: longametraxes de ficción; documentais –mesturando curtas e longas–, curtametraxes de animación e curtametraxes de ficción en imaxe real. Inflación de propostas ás que se xuntan as retrospectivas de rigor: Theo Angelopoulos, Marguerite Duras, Eyal Sivan, Humberto Solas, máis unha escolla de filmes realizada polo Festival de Oberhausen. Recuperados os ollos após tanta imaxe proxectada, pódese facer unha valoración do que se foi mirando por aquí.

Documental

O premio da sección oficial concedeuse ex-aequo para os filmes *A ponte encol do Drina* (Xavier Lukonski, 2005) e *Viaxe en sol maior* (Giorgi Lazarvski, 2006). O primeiro vén de ser premiado no Doclisboa. Falaba ben alí Ramiro da súa achega ao cinema da parella Straub-Huillet. Coma no cinema destes, trátase de visualizar a tensión entre un texto –unha declaración xudicial sobre os cadáveres que levaba o curso do río, neste caso– e o decorado no que se inxire –a dita ponte, en diversos planos xerais. Lémbranos tamén ao Godard de *A nosa música* (2004): cada imaxe agocha o seu contraplano, oculta ao tempo que mostra. Dualidade do documento de cultura e de barbarie que porfía por facer presente o filme. Na imaxe xa non hai pegadas do horror, non poden facerse visíbeis, no tanto que a brutal narración da voz é distanciada do seu efecto emocional, neutralizada polo procedemento administrativo do que forma parte. Situación incómoda do espectador, forzado a traspasar este dobre distanciamento se non quere caer no sopor dos xuíces de *De nenos* (J.Jordá, 2004). Estratexia reflexiva, á fin, que busca un outro xeito –cheo de contido político e estético– de tratar coa dor do pasado, fora das truculencias habituais do fluxo catódico.

O outro filme premiado sitúase xusto no extremo oposto. O espectador é convidado a participar da viaxe a Marrocos dun vello de 91 anos e o seu neto (de feito, o director do filme). Grande virtude da fita, proporcionar un lugar confortábel ao espectador, facelo entrar na intimidade da relación avó-neto, ao tempo que realiza un sensible retrato do primeiro, explorando o seu pasado á vez que compartimos o seu presente.

Do esquecido polo xurado, destacar un par de filmes. En primeiro lugar, *A cor das oliveiras* (Carolina Rivas, 2006). O filme ancora a cámara na vivenda dunha familia palestina que se negou a deixar a súa terra cando a construción do Muro, quedando fechada entre reixas polo trazado deste. Descrición dunha situación límite, onde a presenza dos soldados israelianos é ao tempo necesaria (o pai necesita que lle abran para saír a vender o que cultivan) e insostible (a nai non sae por medo ás tropas: a seguridade duns é o temor dun outro), a cineasta acada captar os tempos e as paisaxes que insta a ocupación. Isto través dunha ollada repousada, e dun recurso estético luminoso: trocar a verbalización das explicacións e sentimentos dos protagonistas - figuras clásicas do “busto falante” ou a voz superposta á imaxe– pola inserción destas frases como intertítulos, enchendo esas verbas informais da autoridade da escrita.

Por outra banda, a curtametraxe de Ricardo Íscar e Nacho Martín, *O cerco* (2005), unha pequena obra sobre a pesca do atún na costa andaluza. Como en *Terra negra*, o Íscar reflexa as mutacións dos oficios tradicionais, dun traballo físico que

pouco a pouco vai desaparecendo neste mundo do coñecemento e os servizos. Alí a mina, aquí a espectacular técnica da almadraba, filmada como se fose una fotografía dos anos 30, coa imaxe virada a sepia. Transformación, sobre todo, que se revela nunha ausencia. Se en *Almadrabas* (Carlos Velo, 1934) ou *Stromboli* (Roberto Rossellini, 1949), a pesca formaba parte dun contexto productivo e social que ía alén dos pescadores, n' *O cerco* non hai continuidade, a arte tradicional inxírese no fluxo do comercio global: cara o Xapón, onde será explotada a materia prima. Alén diso, unha outra vez pódese observar a extraordinaria capacidade de Íscar e Martín para filmar o traballo físico, eixo desa magnífica retrospectiva de Lisboa.

Ficción

Na sección de longametraxes acadou o premio o filme arxentino *Monobloc* (Luis Ortega, 2005). Centrado sobre as relacións de catro mulleres, recluídas nun ambiente tan marxinal como abstracto, cos únicos referentes dun parque de atraccións en estado ruinoso e un bloque de edificios sen rastros de vida aparente. De (moi) lonxe fai eco a realidade arxentina, co desemprego e a segregación de amplas capas sociais. Exploración das relacións de dependencia afectiva das protagonistas, ao que isto escribe lémbrelle inevitablemente filmes coma *As acedas bágoas de Petra von Kant* (Fassbinder, 1978) e outros similares –se queren, algún que outro Almodóvar. E, coma nos filmes citados coma exemplo, a reacción do que escribe é a mesma: unha profunda indiferenza ante o que sucede na pantalla.

A mención especial foille concedida ao filme húngaro *Aire fresco* (Ágnes Kocsis, 2006). Facendo da posta en escena do absurdo cotiá a súa forza, o filme radiografía a incomunicación dunha nai e a súa filla, a través do rexeitamento desta do traballo da nai: limpadora duns baños públicos. O filme fai da frontalidade e do laconismo dos diálogos –e dos silenzos, sobre todo –unha marca de estilo, lembrando o cinema do Kaurismaki –*A rapaza da fábrica de mistos*, sen dúbida. En todo caso, a sección oficial rematou sen un filme que destacase por riba do resto. E, sobre todo, sen poder evitar unha sensación de “xa visto”: entre o mirado, alusións máis ou menos recoñecibles a Cassavetes, os Dardenne, Rohmer ou Jafar Panahi, e coas arestas menos punzantes ca os seus referentes.

Retrospectivas

As seccións oficiais ensinaron unha selección de filmes bastante coherente co que quere ser o festival, inda que exista unha reivindicación de fondo dun maior risco, dunha postura máis radical contra o “convencional”. Nese senso hai que entender as decisións dos diversos xurados, premiando as propostas máis radicais de cada categoría, privilexiadas ante obras –tan interesantes, ás veces mellores– agochadas pola súa aparente similitude coa tónica xeral do certame. Isto non foi así nas retrospectivas, de rumbo máis errático. Dende a praxe política próxima ao reportaxe do Sivan, pasando polos bandazos de Humberto Solas, até a intransitividade fílmica de Marguerite Duras (poden aquí bocexar ruidosamente comigo). Un último comentario sobre a pertinencia da programación: ¿Por que na retrospectiva de Angelopoulos pasaron filmes recentemente editados en DVD, habendo outros invisíbeis?. Comprenderíase se pasasen a obra completa, mais pasando só seis filmes, a selección non semella moi afortunada. Sen chegar á desvergoña de quen vende festivais a golpe de estreos en DVD cobradas a prezo de cinema, dende logo mostra un descoido evidente da tarefa de programador.

Alternativa permitiu coñecer a obra de Eyal Sivan, e tamén contar coa presenza deste para falar dos seu cinema. Realizador dun filme extraordinario en colaboración co palestiniانو Michel Khleifi, *Ruta 181* (2004, viuse no *Amal* en Compostela), a preocupación do cineasta é artellar a través do cinema un discurso político encol do conflito árabe-israeliano. Abeirando perigosamente o rexistro televisivo nalgunhas fitas, o seu é un cinema de combate, ás veces de asumida “contrapropaganda”. Dono dunha inmensa capacidade para dar con situacións reveladoras do discurso sionista, cheas de oportunidade política: os esquecidos campos de refuxiados na paz do Proceso de Oslo –*Agabat-Jaber, vía de paso* (1995)– ou a construción dun parque de atraccións baixo os bombardeos –*Israland* (1991). A mostra deixounos polo menos un gran filme: *Izkor, os escravos da memoria* (1991), onde Sivan segue as cerimoniais que se suceden no mes de abril –Pascua, día do Holocausto, ...–, enfocando a súa ollada nun colexio, microcosmos do adoutramento simbólico do Estado de Israel a favor dunha determinada forma de ler a Historia xudía. A impertinencia valeulle a censura por 12 anos no seu país.

Humberto Solás visitou Alternativa co gallo de presentar en sociedade o Festival de Cinema Pobre de La Habana, xunto co director do mesmo, Sergio Benvenuto, que participaba como xurado da sección de longas de ficción. Para apoiar a presentación do Festival, tivemos a oportunidade de ver en primicia o último filme de Solás, *Barrio Cuba* (2005), con guión de Benvenuto. Unha insufrible recolección de tópicos do melodrama familiar, cunha música estridente e lacrimóxena, máis unha posta en escena convencional e actuacións presuntamente “desgarradas”. Unha volta ao neorealismo, que dicía o Solás. O cal formula unha cuestión fundamental: alén do presuposto utilizado, a pobreza asumida dun filme debora comportar a súa inserción estética no mesmo: un “cine imperfecto” –que diría un compatriota do cineasta– mais non un clónico cutre do cinema dominante. Porque supoño que para ser seleccionado no festival non pedirán unha copia do presuposto, senón que o filme faga consciente a falta de medios no seu metraje. Unha mágoa. Malia todo, puidemos recuperar un clásico do cinema latinoamericano como *Lucía* (1968), ou unha curta tan interesante coma *Simparelé* (1974): mestura de Brecht e relixión haitiana, achégase aos filmes anticoloniais de Ousmane Sembene e aos teóricos da “negritude”.

Xa por último, do máis interesante que se puido ver por aquí, a selección de curtas enviada polo lonxevo Festival de Oberhausen –lembramos, berce do Novo Cine Alemán. A escolla incluía xoias en pequeno formato coma *Tango* (1981), de Rybzyński; as animacións políticas dun Borowczyk antes das súas excursións erótico-festivas por conventos e outros lares; ou a articulación de estética pop e política dun irreverente Karpo Godina. Así mesmo, a curiosidade de comprobar que a célebre *Amélie* (Jean-Pierre Jeunet, 2001) non naceu da nada, senón da lista de “cousas que me gustan e que non” de *Trapalladas*, feita no 89 polo mesmo Jeunet.

Isto foi parte do que deu de si o Alternativa. Sen nada máis que engadir, un saúdo dende Barcelona.